

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 1 DE ABRIL DE 2019

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as catorce horas do día un de abril de dous mil dezanove, e, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os Sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Álvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

UNICO.- SORTEO PARA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS A CONSTITUIR PARA AS ELECCIÓNS A CORTES XERAIS A CELEBRAR O 28 DE ABRIL DE 2019.-

Dase conta á Corporación que de conformidade co disposto nos artigos 27.5 e 101.2 de Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, procede realiza-lo sorteo para a formación das mesas electorais que se constituirán para a celebración das Eleccións a Cortes Xerais que terán lugar o día 28 de abril de 2019.-

Iníciase a realización do sorteo mediante un programa informático, có resultado do que queda constancia no expediente correspondente.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-